

ORDE do 19 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2019.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190204/AnuncioG0426-020119-0003_gl.pdf

AXUDAS RAREOS, PODAS, CORTAS DE FORMACION, ROZAS ETC.. EN PLANTACIÓNS.

Beneficiarios:

- 1.- Persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dos terreos obxecto de axuda, entendendo por titulares tanto propietarios como arrendatarios ou xestores, sen que se admita a cesión por parte do propietario do terreo a un terceiro.
2. Das axudas previstas nesta orde serán persoas beneficiarias as sociedades de fomento forestal (Sofor), os propietarios particulares de forma individual, as asociacións e agrupacións de propietarios particulares formalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, as cooperativas agrarias, os proindivisos, os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo, as comunidades de bens, outras persoas xurídicas e as comunidades de montes veciñais en man común (en diante, CMVMC)

Liñas de axudas

- a) Liña I (medida Feader 8.3): axudas para realizar tratamentos silvícolas (**prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, que permitan crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal e o control selectivo de combustible, como son rozas, desmestas, rareos e podas**) coa finalidade de prevención de incendios.
- b) Liña II (medida Feader 8.5): axudas para realizar tratamentos silvícolas (**rareos, desmestas, podas, cortas de formación, rozas, etc.**) e plantacións puntuais de determinadas árbores, directamente vinculadas ao incremento dos valores ecolóxicos dos bosques que non teñan carácter produtivo.

Contía da axuda

A intensidade da axuda para estas actuacións será do **100 %**, calculándose a axuda sobre o custo real do investimento determinado no correspondente proxecto técnico e tendo en conta o anexo VIII en que figura o cadro de importes máximos subvencionables por cada tipo de actuación.

Superficies mínimas e máximas

MINIMAS

- a) Para todos os solicitantes, con excepción das Sofor e dos propietarios particulares de xeito individual, a superficie mínima de actuación por solicitude será de 3 hectáreas en couto redondo. Admitirase máis dun couto redondo.
- b) Para propietarios particulares de xeito individual a superficie de actuación mínima por solicitude será de 1 hectárea nun único en couto redondo.
- c) No caso das Sofor, a superficie mínima de actuación será de 3 hectáreas

MAXIMAS

- a) Para todos os solicitantes, con excepción das Sofor e dos propietarios particulares de xeito individual, a superficie máxima de actuación por solicitude será de 50 hectáreas nun ou varios coutos redondos, e sempre e cando a superficie mínima de cada couto sexa de 3 hectáreas.
- b) Para propietarios particulares de xeito individual, a superficie de actuación máxima por solicitude será de 15 hectáreas nun ou varios coutos redondos, e sempre e cando a superficie mínima de cada couto sexa de 1 hectárea.
- c) No caso das Sofor, a superficie máxima de actuación será de 50 hectáreas.

AS SOLICITUDES DEBEN FACERSE OBRIGATORIAMENTE POR VÍA ELECTRÓNICA

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MR605A>

PRAZO REMATA O 18/03/2019